

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia

O nome e a persoa de Basilio Losada Castro suscita para aqueles que tiveron e teñen a honra de tratalo, unha chea de evocacións: a promoción de Galicia, e da súa lingua e da súa cultura, especialmente desde a Barcelona na que leva boa parte da súa vida e desde a Universitat de Barcelona, á que lle dedicou toda a súa brillante traxectoria profesional; o seu carácter aberto e sempre disposto a colaborar en calquera acto de apoio ou manifestación de galeguismo; o constante espallamento da literatura feita en galego; a multiplicidade de formas, sempre pletórica de frescura, do relato oral; a afillabilidade persoal; ou o grande traductor e difusor das literaturas portuguesa e brasileira no ámbito lingüístico español, por conternos e non exceder da media ducia.

No haber dos logros profesionais e, evidentemente, tamén persoais, de Basilio Losada salienta a presenza do galego na Universitat de Barcelona, actualmente unha sección dentro do Departamento de Filoloxía Románica, presenza que nos leva depurado xa os primeiros licenciados en filoloxía galega, precisamente na única universidade de fóra de Galicia que expide esta titulación. Á fin, os longos e pacientes contactos a dúas bandas coa Universitat e coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, promovidos e auspiciados polo profesor Losada, levaron á actual fórmula que, no seu curto período de vida, leva producido xa os primeiros visibles froitos. Pero se boa nova é esta promoción de licenciados, máis o é a consolidación do plantel do profesorado da sección, o cal vai permiti-la permanencia no tempo desta presenza de Galicia na histórica universidade catalana.

Ben saben tódalas entidades galegas da capital catalana, e unha boa parte das da propia Galicia tamén, da disposición permanente de Basilio Losada para animar actos culturais, reafirma-la nosa lingua, esculcar nos arcanos da nosa cultura, difundila obra dos nosos escritores ou, por tratar de abrangue-lo máximo posible con poucas palabras: facer país. Ben agora, con máis medios e maior nivel de concienciación cultural, ou ben nos seus tempos máis mozos -na noite de pedra ou nas épocas da transición á democracia- a súa presenza e a súa palabra foron e seguen sendo referente e convocatoria desde a máis modesta asociación cultural ou de emigrantes ata a máis elaborada e formal disertación da cátedra.

Reseñador de novidades literarias e tamén artísticas, antologador de poesía, animador dalgunha das máis emblemáticas coleccións poéticas, traductor ó castelán de poetas e novelistas da segunda metade do século XX, e asiduo membro de xura-

dos literarios (en galego, en catalán e en castelán), nos que sempre que puido termou da maquiá galega, quen analice a promoción da literatura feita en galego e a súa difusión, especialmente en España, baterá inexorablemente co nome de Basilio Losada.

Te-la sorte de coñecer a Basilio Losada é enchouparse da frescura do relato oral, un relato oral que adopta multiplicidade de formas segundo o interlocutor, o estado de ánimo do narrador ou a propia circunstancia que motiva a narración. Falar con el -máis que falar, escoitalo- é retornar a un estadio da sociedade no que o reloxo non desterrara aínda o lento e ordenado devalar dos días e das noites nin coutara o fluír agarimoso e instructivo da palabra. A súa narración -vertida en papel, por sorte, hai pouco e da que agardamos que teña fecunda continuación-, enmarcada pola súa afabilidade no trato e adobiada polas súas frecuentes e variadas viaxes, reúne tódolos ingredientes para engaiolar ó máis diverso interlocutor ou auditorio.

Cabo do ameno contador, do prolífico conferenciante, do redactor de incontables artigos en revistas e na prensa, do colaborador de publicacións universitarias, do ensaísta e difusor da literatura de Galicia, é obrigado lembrar e recoñecer en Basilio Losada ó coñecedor e traductor da literatura de Portugal, do Brasil e da África de lingua portuguesa. Gracias a el o mundo hispanofalante accedeu a unha boa parte da obra dos máis importantes escritores do mundo lusobrasileiro. E da súa calidade dá fe o recoñecemento ó labor como traductor do que ten sido merecente.

No momento da merecida homenaxe que a comunidade universitaria e as moitas persoas que coa súa amizade se honran agora lle tributan, a Xunta de Galicia -que un día recoñeceu e gabou publicamente os seus moitos méritos outorgándolle a medalla Castelao-, e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en particular, queren amosar de novo, canda este ramallo, numeroso e ó mesmo tempo escolleito, de colaboracións, o testemuño do sincero recoñecemento polo servicio e a contribución permanente a Galicia, á súa lingua e á súa cultura.